



SACERDOTE, FEMINISTA E TRADUTORA

Primeira muller sacerdote española

"Cando unha persoa ten un punto de destino para o que non hai camiños trazados, descubres que ao final o camiño tes que trazalo ti, poñendo un paso detrás doutro".

"A Igrexa débenos ás mulleres, por xustiza e por dereito, restablecer a nosa dignidade e dicirlle ao mundo: señores, non somos galiñas, somos outros alter ego coma vostedes, podemos facelo todo igual, temos os mesmos dereitos e aportamos cousas valiosas ao mundo".



Veño dunha familia galega asentada en París no anos 60, alí estudei, creíme e empapeime de moitos valores cívicos e laicos procedentes dun país republicano. A liberdade, a xustiza e a fraternidade, inda que non se compran moito na práctica política, si están moi vivos no inconsciente colectivo e son valores que guiaron toda a miña nenez, a miña adolescencia e parte da adultez, esta é a bagaxe que tiña cando, a maiores, inclúo a fe cristiá.

Con quince anos dou o paso nunha especie de neo-conversión, xa que fora bautizada de pequena pero non tiña implicación ningunha coa igrexa máis que o típico de facer a primeira comunión por cumprir coa familia, entón dou o paso voluntariamente de descubrir o mundo da igrexa católica. Daquela ese mundo podía cumprir con todos os valores que eu imaxinaba: a xustiza, a liberdade, a igualdade, a fraternidade, saía a Igrexa daquel momento do Concilio Vaticano II.

Gustoume esa igrexa que atopei sendo adolescente, unha igrexa onde todo o mundo tiña dereito a falar, onde faciamos o sermón entre todos, onde celebrabamos doutra maneira, palpábase liberdade e, cando un adolescente atopa un espazo así, namórase inmediatamente.

Nese contexto descubro unha vocación: o ministerio sacerdotal que vía exercer aos homes traballando nesa igrexa que tanto me gustaba. E descubro que esa igrexa tan marabillosa non mo permite por ser muller. Hai unha inxustiza, unha desigualdade, unha eiva profunda que fai que a metade da humanidade e das persoas bautizadas non accedan ao mesmo que os outros.

No 2000 descubro a existencia dun grupo de mulleres que reflexionan xuntas sobre o tema do sacerdocio na igrexa católica romana, varias son teólogas que acaban concluíndo que isto non se acaba se non facemos algo. Mellor ser coherentes co que queremos para nós mesmas e facer o que dicimos que queremos facer e non pedir permiso, non agardar que nos dean luz verde. Nós mesmas imos decidir o que facemos coa nosa vida, coas nosas comunidades, co noso futuro e co futuro da igrexa. Estas mulleres asócianse e pídenlle a dous bispos da igrexa católica romana que as ordenen, e iso finalmente acontece nun barco no Danubio.

Convértense así nas sete primeiras mulleres sacerdote en todo o mundo. A Santa Sede non recoñece estas ordenacións e como consecuencia son inmediatamente excomungadas, pero iso non as arreda e segue medrando o grupo.

No 2010 o Papa Bieito XVI promulga un decreto de delitos gravísimos que recolle que hai que castigar coas penas máis severas aos curas que atenten contra os nenos. Eses pecados innomeables que se fan ao abeiro da confesión ou da catequese, son os pecados máis grandes que unha persoa relixiosa pode cometer. Bieito aproveita para dicir que igualmente grave é ordenar cura unha muller ou que unha muller celebre unha misa, que aproveitarse do seu rol de guieiro relixioso ou de mediador do sagrado para abusar dun pequeno ou dunha pequena, equipara en gravidade e en sanción.

Tres anos despois disto son ordenada diácono na Coruña por unha bispa canadense en presenza da miña comunidade do Home Novo e, en marzo do 2015 trasládome a Florida (USA) onde son ordenada sacerdote.

"Desde entón fixen o camiño de aceptar que o meu podía ser prohibido, moi raro, moi difícil ou incluso imposible e, sen embargo, respectalo e vivilo con agarimo. Inda que quede soa, inda que ninguén me siga, inda que ninguén me entenda, inda que nunca o logre, vou respectar ese camiño en min, porque hai unha clave que é que cando estou nese camiño, cando o acepto, cando o quero, cando fago o que podo por honralo e por ser iso que son, son moito máis persoa, son moito máis humana, moito máis útil para os demais, e podo construír cambios entorno a min. Cando estou fóra dese camiño non son eu, estou interpretando o papel doutra persoa que non son eu".

Para min o que che fai enterrarte na miseria é facer algo para o que non tes don ou para o que non recibes alegría só para gañar cartos, para cumprir soños doutros, por exemplo de teus pais. Eu creo que a vida é para atopar nela a felicidade, e para min a felicidade é o que fas a cotián, a alegría do aquí e agora.

Unha persoa infinitamente amor

Hai un momento importante na miña vida xusto na primavera que me ordeno, en Semana Santa, xa que teño a miña primeira experiencia de misioneira na montaña colombiana, con xente campesina, illada, e vivo unha semana con eles celebrando como Igrexa a eucaristía, o sacramento do perdón, visitando as súas casas, orando con eles a diario...

Ao mesmo tempo colaboro en barrios pobres de Bogotá, onde traballo con mulleres vítimas da violencia, e descubro o mundo indíxena, a pobreza extrema das cidades e do campo, e unha relixiosidade moi diferente da que encontramos en Europa.

Aquí un pode crer nos pokemon e saír a cazalos, pero non cremos espontaneamente en cousas que non se ven a simple vista, non cremos que somos algo máis que o que se pode vestir e estamos moi apegados á realidade do material, do simple, do palpable, e ademais parécenos que temos razón. Aquí hai moita resistencia a aceptar o mundo do invisible, e sorpréndome moito, cres nunha escola e nun ximnasio pokemon e non podes crer que no noso mundo vivan seres espirituais que somos nós?

Non podes crer que haxa unha persoa infinitamente amor que exista e que estea ao teu carón cando o estás pasando mal? Pois esa persoa faiche máis falta que os pokemon, porque aporta sentido, crecemento, coidado, calidade de vida, colorea a túa vida dunha maneira especial, pois como fai o namoramento igual, eu compároo con iso.

Como te sentes cando estás namorada? A vida cámbiache de cor, hai como música no teu ser, parece que vas voando, as casas son máis bonitas, as árbores son fermosas, inda que estea chovendo, estás vibrando en consonancia con ese amor xigantesco para o que eu traballo, e que non se ve, pero si se ve porque che cambia a vida e sabes que está aí, máis que os pokemon.

Do feminismo de Christina

O meu feminismo radica no feito de que quero para as mulleres un estatuto de humanidade, un deber de que o xénero humano sexa un e deixen de separarnos, de especializarnos en roles até chegar ao punto de que non importe o xénero.

Onde máis se reforzou o meu feminismo foi lendo a historia de Xesús e como eu vía que se retrataba ás mulleres. Pode chocar, pero están os evanxeos cheos de historias onde Xesús trata as mulleres non só como iguais, senón conferíndolles máis confianza, máis autoridade, seguindo os seus consellos e pedíndolles o seu parecer, e as mulleres fan que mude de opinión. É increíble, iso non se ve por ningunha parte cos homes.

*"Xesús xamais aceptaría un estatuto da muller por debaixo do varón,
senón ás veces da a sensación de todo o contrario,
o día que a Igrexa dea o paso,
e nós queremos dalo con ela,
que recoñeza a nosa igualdade,
que se poña de xeonllos e pida perdón,
igual empezará tamén a haber máis homes nas casas
que comecen a pedir perdón".*

Cando unha muller se decata de quen é, da súa valía, do que a fai feliz, é moito máis difícil que a violencia prenda nela. A violencia de xénero aprovéitase de que non nos valoramos, non sabemos quen somos, non temos obxectivos na vida, de que soterramos os nosos soños. Dicirlle a unha muller que enterre os seus soños, que son unha tolemia, que son unha parvada, iso é a primeira violencia.